

Sr. D. Luis Seoane.  
BUENOS AIRES.

Querido Luis: Fai moito tempo que penso escribirche unha longa e detida carta. Nunca dispoño de tempo abondo pra facelo. Excesivas obrigas i o agabiante traballo profesional impídenme corresponder contigo como ti mereces e como eu desexo.

Ante todo, o meu fondo agradecemento polo envío de teu album das "Doce cabezas". É unha obra espléndida que marca un camiño ascendente na tua rexa e disparada traieitoria artística. O que eu anunciarei no ensaio encol da tua arte vai agora tomando magnífica realidade. Por iso estás connosco e por iso conosco permaneces, porque a tua obra, dun valor inaudito na nosa terra, testemuña a perennidade do que non se morre, do que sempre sobrenada na turbulencia da historia. Que sigas diso xeste e que eu, algún día, poda escribir o traballo definitivo sobor do teu profundo inquérito pictórico.

Agora, un pedido. Por fin vai sair o número de Insula adicado á Cultura Galega. Como pasou tanto tempo é mester modificalo un tanto. Por de pronto, estimo que nele non deben faltar o nome de Rafael Dieste i o teu. Prégóche, pois, que da miña parte encargues a Rafael un traballo sobor da paisaxe galega. Que o enfoque como lle acomode mellor. Debe estar escrito en castelán i as súas dimensións serán as corrientes nos traballos de revista. Tí remésame algún dibuxo ou reprodución dun cuadro teu que estimes representativo do intre actual no teu arte. Ende máis poderías mandar tamén algún pequeno dibuxo (un ou máis) que poideran servir pra ilustrar as diversas páxinas do número. Dispoñemos dalgúns de Maside, pro, en parte, xa foron publicados. O director da revista dispuxo deles ó ver, fai tempo, que o número galego non tifa viabilidade.

Todo isto ten certa presa e debe estar eiquí o máis tarde a finais de abril. Non te esquezas. Teño empeño en que Rafael e tí colaboredes neste número de Insula que, a bon seguro, há resultar de gran transcendencia.

Como no primitivo proieto, tamén neste, van os anuncios das diversas editoriales galegas. Acontece que os precios, como é natural cambiaron. A plana enteira custa 4.000 pts. e a media plana, 2.000 pts. Penso que Citania deberá ocupar unha plana enteira, igual que o farán algunhas outras editoriales de eiquí. Tí dirás, por tanto, si insertamos ou non o voso anuncio. En caso afirmativo xa dispondrás o aspecto tipográfico do mesmo.

Saúdos cordiales ós amigos. Saúdos moi garimosos de Elen e meus pra Maruxa. Recibe tí unha forte aperta de,

*Domingo.*